

Neandertais e Sapiens

Cara a un novo mapa evolutivo

JOAQUIM VENTURA

Un dos paradoxos da ciencia é que, lonxe de simplificar as cousas, venas complicar dobremente. E digo dobremente porque adoita acontecer que descubrimos algo novo pero, de paso, estragamos a certeza anterior. É máis. Durante séculos, os achados tiveron que aturar os dogmas relixiosos, circunstancia que se traduci en ter que inventar teses insólitas para explicar o que non tiña xeito.

Pasou iso cos primeiros fósiles da especie que, cos anos, foi denominada *Homo neanderthalensis*. Os achados duns restos en Engis (Bélxica) en 1829 e uns anos despois en Xibraltar non estableceu ningunha relación entre eles nin verbo dos humanos. Non foi ata 1856 cando perto de Düsseldorf, na val do río Dussel, J. K. Fuhlrott descubriu uns restos que lle pareceron distintos; ao ano seguinte, foron descritos por Hermann Schaaffhausen. Fronte á dúbida científica, o anatomista Franz Mayer—creacionista inamovible—inventou unha teoría extravagante: aqueles ósos pertencían a un soldado ruso—a un cosaco, concretamente—que perseguira a Napoleón por Europa e que, a causa de padecer raquitismo, tiña aquelas pernas arqueadas e uns arcos supra-ciliares fortes a causa da dor. Tres anos despois, Charles Darwin publicaba *A orixe das especies* e comezaba a poñer as cousas no seu sitio.

Pero esa mesma teoría da evolución solucionaba tamén outro problema: permitía establecer unha xerarquía evolutiva que era o triunfo, definitivo, dos postulados antropocéntricos do Renacemento, os perpiños do economicismo.


E os homes de Neandertal foron tidos, durante século e medio, como simples devanceiros. Unha especie sen capacidade técnica, brutal, dada ao cani-

balismo, pero dalgún xeito necesaria a maneira de ponte entre os homínidos non humanos e o homo

sapiens, descuberto a partir de Cromañón. Pero os novos avances científicos están a complicar as cou-



Xacemento de Atapuerca.



Charles Darwin (1809-1882).



Neandertais na franxa euroasiática.

sas. Agora non só é unha evidencia que neandertais e sapiens conviviron (polo menos uns cinco mil anos), se ben non houbo hibridación a escala de categoría. Tamén sabemos con absoluta certeza que tiveron orixes distintas. Así, a especie sapiens fixo a súa aparición en África hai uns cen/sesenta mil anos e emigrou ao conxunto do planeta; os neandertais evolucionaron na franxa euroasiática limitada polas glaciacións (houbo achados en Palestina e en Iraq). Os recentes achados de Atapuerca (*Homo antecessor*) dan explicación cabal á especie de *Homo heidelbergensis*, descuberto hai un século.

Sabemos con absoluta certeza que tiveron orixes diferentes

Pero a secuenciación do ADN dos neandertais e a súa comparación co da especie sapiens vén de depa-
parar importantes sorpresas; é dicir, un aumento de complexidade. A primeira sorpresa—relativa, pero sorpresa ao cabo—é que os europeos actuais temos un 4% de herdanza xenética (xenoma) neandertal, ausente nos africanos e nos asiáticos orientais. Iso supón algunhas consecuencias. Unha delas é que, forzosamente, houbo hibridación entre neandertais e sapiens, o que significa que non serían tan diferentes. Especial atención produciu nos antropólogos a presenza común do xene FOXP2, o que posibilita a capacidade de establecer unha linguaxe.

En opinión de Juan Luís Arsuaga, codirector de Atapuerca e autor de *El collar del neandertal*, os neandertais non eran capaces de formular manifestacións simbólicas (como a pintura) ou de ter conciencia de colectividade fronte a outros grupos da mesma especie. Para Arsuaga a hibridación cos sapiens non pasaría de anécdota naquelas zonas de fronteira en que conviviron, sen acadar nivel de categoría. E admite a posibilidade de fonación pero sen que iso supoña falar; é dicir, emitir mensaxes codificados, aprendidos xeración tras xeración, sen pasar do que fan os animais.

Na Península Ibérica todos os xacementos de neandertais de certa importancia están na ribeira ou no interior, pero sempre a menos de cen quilómetros do mar, agás no caso de Atapuerca. Na fachada atlántica non foi significativa, se ben houbo presenza deles en Galiza, concretamente na Cova Eirós (Triacastela).

Canto á súa desaparición, cómpre situala en relación coa outra especie humana máis evolucionada: a sapiens, chegada con posterioridade a Europa. Non parece que fose esta a causante da desapa-

ción, senón máis ben unha debilidade endémica dos neandertais, incapaces de acadar cohesión grupal e vítimas da súa fisioloxía.

Unha desaparición silenciosa

Así, sosteñen algúns paleoantropólogos que a conformación do seu cerebro estaba máis orientada na visión da contorna e do seu corpo que nas relacións sociais (formaban

grupos pequenos), o que os situaba en inferioridade fronte aos predadores. Unha visión condicionada por uns ollos máis grandes que os nosos, consecuencia posiblemente dunha formación en zonas e épocas con menos luz que as que dominaron os sapiens.

Polos achados da cova asturiana do Sidrón, Carles Lalueza-Fox e Antonio Rosas defenden que os homes neandertais permanecían no grupo de orixe e que eran as mulleres as que pasaban a grupos distintos cando chegaban á idade de procrear